

**ADDENDA Á INSTRUCIÓN CONXUNTA 1/2021, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E DA DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, DO 2 DE XULLO, SOBRE A XESTIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE DE ESCOLARES NO CURSO ESCOLAR 2021-2022**

Con data do 2 de xullo de 2021, as persoas responsables da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e da Dirección Xeral de Mobilidade, ditaron a Instrución conxunta 1/2021, sobre a xestión do servizo de transporte de escolares no curso escolar 2021 – 2022.

Logo da súa aprobación, a Administración valorou conxuntamente a situación que se produce no suposto daquelas/es nenas e nenos que cursan o segundo ciclo de educación infantil e que, aínda carecendo do dereito a transporte escolar gratuíto, poden ter certas dificultades para acceder coa tarxeta de transporte Xente Nova á gratuidade dos servizos de transporte público regular de uso xeral integrados (servizos integrados, en diante).

Á vista do anterior, estímase oportuno introducir unha previsión específica dirixida ao dito alumnado de educación infantil sen dereito a transporte escolar gratuíto, de xeito que se habilite aos centros a reserva de praza ao seu favor nos supostos de existencia de prazas dispoñibles en paradas existentes en servizos integrados.

Xa que logo, introdúcese un novo número sexto no apartado terceiro da dita instrución, co seguinte contido:

**6º. Alumnado do segundo ciclo de educación infantil sen dereito a transporte escolar gratuíto**

Sen prexuízo do indicado nos números anteriores, o alumnado do segundo ciclo de educación infantil que non teña a condición de usuario con dereito a transporte





escolar, poderá facer uso dos servizos integrados sempre que queden prazas dispoñibles nos mesmos, logo de que por parte do centro correspondente se cargue na aplicación de xestión.

Para tal fin, os centros cargarán estes alumnos na aplicación coa condición de “excepcionais”, de xeito análogo a como o fan nos servizos de transporte escolar dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, aplicándolles os mesmos criterios de priorización entre o dito alumnado que se establecen no anterior número 5º.

Pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Manuel Vila López

Pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra

*(Documento asinado dixitalmente)*

